



Xunto co presente escrito achégase certificación do acordo do concello pleno en sesión realizada o día 30 de marzo ,moción do BNG problemática da valoración catastral.

Láncara na data da sinatura electrónica á marxe.

O alcalde

Darío A. Piñeiro López.



Darío Antonio Piñeiro López (1 para 1)
O alcalde
Data de Sinatura: 08/05/2017
HASH: 94da39f41cc82151e31c9077b0c7ea29



FEGAMP

Rúa Varsovia 4 C

15707 Santiago de Compostela

Concello de Láncara

Rúa Rosalía de Castro nº 17, A Pobra de San Xiao, Láncara. 27360 Lugo. Tfno. 982543077. Fax:
982543357



Cod. Validación: 367XALJFZYAR77W8Y6XKSEW | Corrección: <http://lancara.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1

Mónica Vázquez Fandiño, secretaria interventora do Concello de Lán cara

Certifico que:

O pleno do concello en sesión ordinaria realizada o día 30 de marzo de 2017 adoptou, entre outros, acordo que se transcribe:

"12.- Mocións dos grupos.

12.2.- Moción do concelleiro do BNG sobre a problemática da Valoración Catastral nos concellos rurais.

O señor Bande Cortizo le a moción epigrafada que é do seguinte teor literal:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de valoración colectiva polo que se actualizaron os valores catastrais está causando un gran impacto negativo no noso concello. Os concellos rurais están sendo os grandes afectados desta ponencia de valores, poñendo en risco a subsistencia do sector agrogandeiro, un sector fortemente castigado nestes últimos anos. Debido a crise económica, o goberno central, na súa procura de novos ingresos fiscais, fixo recaer unha gran parte desta carga en impostas indirectos (subida do IVE) e en impostas pola propiedade (IBI). Nos concellos rurais galegos, a propiedade vai intimamente ligada aos medios de produción (fincas, establos, palleiras, garaxes para a maquinaria), polo que afecta directamente a subsistencia económica das mesmas.

O valor catastral, sobre o que se basea o IBI, ven referenciado no valor de mercado e calcúlase a través dun sistema complexo. Na situación na que nos atopamos, o valor de mercado das propiedades rústicas da maioría dos concellos galegos do interior e moi baixa, diametralmente aposta ós valores que agora se están a indicar como vixentes.

A característica especial e diferenciada do noso rural fai que tomemos medidas para corrixir esa valoración catastral que tanto nos está afectando. E dentro destas medidas é necesaria a participación da FEGAMP.

Unha das funcións máis importantes da FEGAMP é "promover, representar e defender os intereses das entidades locais ante outras administración públicas".

Polo exposto, o BNG de Lán cara somete á consideración do pleno o seguinte:

ACORDO

Que o Alcalde deste Concello realice as xestións oportunas e solicite amparo a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) ante o Ministerio de Hacienda, responsable da Dirección General de

Concello de Lán cara

Mónica Vázquez Fandiño (1 para 2)
Secretaría interventora
Data de Sinatura: 08/05/2017
HASH: 8b35734c84848c082b883b44a9461e6e88



Dario Antonio Piñeiro López (2 para 2)
O alcalde
Data de Sinatura: 08/05/2017
HASH: 94da39f41cc82151e31ce077b0c7ea28



Cod. Validación: 74LN5TQ64CWND377EDWECZF3F | Corrección: http://lan cara.sedelectronica.gal
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Catastro e da valoración dos bens rústicos dos concellos rurais galegas”.

Aberto o debate prodúcese as seguintes intervencións:

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Estamos de acordo, xa tiñamos que ter salido algo. Xa sei que destes algún paso, pero insuficiente”.

Do señor alcalde: “Xa falei co catastro, coa FEGAMP, coa Valedora do Pobo, hoxe estivemos coa Valedora, foi un encontro cordialísimo, quedamos en enviarlle unha comunicación explicando a casuística do noso concello. Porque resulta que nuns concellos se fixo mellor e noutros peor, e sobre todo como se tramitan as cousas, é o que lle imos explicar á Valedora. Esta é unha norma que so poden cambiar dúas persoas neste país, Rajoy e Montoro. Fíxemos todo o que está nas nosas mans, ata somos PIC, que antes non. Este alcalde realizou charlas informativas en 2015, informamos a través de bandos. Moitas veces a xente non reacciona ata que chegan os recibos. Son dos poucos alcaldes que me estou movendo, do meu partido incluído”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Cando non hai maioría política que pasa cos decretos leis? Pois esperemos que esta lei poida politicamente modificarse, conseguir o consenso dos grupos de Láncara para facer as demandas, e despois facer un chamamento ós concellos rurais veciños, o rural galego é unha problemática diferenciada. Este é un problema político, e con política de consenso pódese modificar ou facer que sexa menos gravosa para os veciños”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Despois desta disertación do señor alcalde e de lago, sorpréndeme porque é insuficiente todo o que fixeches, podías facer máis. Isto é falar do sexo dos anoxos Fixeches unha reunión, habería que facer unha por parroquia. Ti non enviaches cartas informativas ós veciños, enviaches cartas políticas culpando, terxiversando datos, poñendo cousas que non son certas de todo. Eu non estaba, vos estabades e debiades criticar o que se facía. Agora tócame a min criticar o que facedes. Contradíxeste, acabas de dicir que esta é unha lei para todo o Estado, logo a que ven enviar a carta culpando ó anterior alcalde?. Creo que te equivocas, porque facer disto un tema político é un erro, antes que políticos somos veciños. Ninguén trouxo un técnico de catastro. Faltaría que non fixeras nada. Nós fixemos os deberes, fixemos propostas moi concretas para Láncara. As propostas do noso grupo de 2015 votastedelas en contra, e as de 2016 votamos a favor de baixar o tipo de gravame, pero non quixestedes aplicar bonificacións, dixeches que primeiro había que saber a repercusión da regularización, pero claro cando se sabe xa é tarde, o recibo de 2016 todos os veciños o terán que pagar, o de 2017 tamén, e haber se agora podemos establecer unha proposta concreta”.



CONCELLO DE LÁNCARA

O señor alcalde interrompe ó señor Cubillas Álvarez e chámao á orde porque está mintindo: “Estas mentindo, non podemos bonificar os recibos atrasados”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Eu non digo iso”.

Do señor alcalde: “Ti falas de bonificacións para rústica, pero os recibos e os atrasos que están chegando son de urbana, e iso non é bonificable. Mintes. O que nos meteu neste problema foi Montoro. E un equipo de goberno que tiña as mans atadas. Este alcalde protestou tamén fronte a decisións do meu partido. Os do PP pareceades unha secta relixiosa. Cando se aprobou este decreto lei en Madrid nin o BNG nin o meu partido protestou”.

Do voceiro do grupo municipal popular, señor Cubillas Álvarez: “Non minto, en Madrid non podemos facer nada, pero aquí trouxemos propostas concretas, de competencia do pleno de Láncara”.

Do señor alcalde: “Creo que estamos debatendo a moción do BNG. Xa virá a túa. Puxen os funcionarios á disposición dos veciños desde o primeiro momento, coas limitacións que tiñan, que non eramos PIC, non botes a culpa de todo a este alcalde”.

Do concelleiro do BNG, señor Bande Cortizo: “Temos que empezar a deixar de buscar culpables e empezar a buscar solucións. As charlas non derrogan leis, pero informas ós veciños, o agradéceno, que se lles informe de como facer un recurso, ...”.

Concluído o debate o Pleno do Concello, por dez votos a favor dos concelleiros asistentes (dez), en votación ordinaria, acorda prestar aprobación á moción do BNG sobre a problemática da Valoración Catastral nos concellos rurais”.

E para que así conste e unir ó expediente da súa razón asino a presente certificación de orde e co visto e praxe do señor alcalde, coas reservas e salvedades do artigo 206 do ROF, no lugar e data da sinatura electrónica á marxe.

Vº e praxe.

O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Concello de Láncara

Rúa Rosalía de Castro nº 17, A Pobra de San Xiao, Láncara. 27360 Lugo. Tfno. 982543077. Fax: 982543357

